

**FOEXGA 2021-2022. CONVOCATORIA**

Resolución de 15 de marzo de 2021 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas para o desenvolvemento do Plan Foexga 2021-2022, cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 (código de procedemento IG422B), así como a selección de entidades colaboradoras que participarán na súa xestión (código de procedemento IG422A), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva. Bases reguladoras: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210326/AnuncioO92-150321-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210326/AnuncioO92-150321-0002_es.html)

**CONVOCATORIA**  
**PARTICIPACIÓN EN FEIRA CIBUS DE PARMA**  
**(ITALIA) - EVENTO EXPOSITIVO**  
**SECTOR: AGROALIMENTARIO**  
**2-7 de maio**  
**IG202.2021.1.67 – PEMES**  
**IG265.2021.1.18 – NON PEMES**

A Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e o IGAPE convocan a Participación na Feira CIBUS PARMA prevista do 2 ao 7 de maio de 2022. Datás oficiais da Feira: 3-6 Maio.

WEB DA FEIRA: [www.cibus.it](http://www.cibus.it)

**ORGANIZA:** Cámara de Comercio de Santiago de Compostela e IGAPE

- ❑ **COFINANCIA:** FEDER / IGAPE.
- ❑ **OBXECTO:** Reforzar a posición das empresas e produtos galegos nos mercados europeos, así como apoiar as empresas galegas que estean á procura de oportunidades comerciais en Europa.

Do mesmo modo, o obxectivo principal do Plan FOEXGA é acadar a internacionalización real das PEMES galegas e propiciar a comercialización dos seus bens e servizos nos mercados PEMES.

- ❑ **BENEFICIARIOS:** Empresas PEMES ou NON PEMES de Galicia de calquera sector de actividade. Que cumpran os requisitos que se establecen no artigo 8 das bases de axuda FOEXGA / SINERXIA 2021 – 2022. Consultar en:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210326/AnuncioO92-150321-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210326/AnuncioO92-150321-0002_es.html)  
[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210827/AnuncioO92-130821-0001\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210827/AnuncioO92-130821-0001_gl.html)

- ❑ **SECTOR:** AGROALIMENTARIO excepto Viños e licores
- ❑ **DATAS:** 2-7 maio de 2022.

O Igape é xestor de fondos Feder do marco regulamentario 1420 no seguinte encaixe: Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das PEMES. Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das PEMES para medrar nos mercados internacionais. Obxectivo específico 03.04.03: Promover a internacionalización das PEMES. Campo de Intervención 066: Servizos de axuda avanzados para PEMES e grupos de PEMES. Liña de actuación 18: Apoio financeiro para accións de promoción e implantación no exterior, e apoio financeiro para internacionalización vía cooperación, e Liña de actuación 15: Promoción da cultura de internacionalización, presenza nos mercados exteriores, estratexia de posicionamento internacional de Galicia, aliñación coa axenda estratéxica

Horizonte 2020 da UE. O indicador de produtividade correspondente é o número de empresas que reciben subvencións. E o indicador de resultado é o incremento do número de PEMES exportadoras.

## 1. SELECCIÓN DAS EMPRESAS

A selección das empresas efectuarase respectando a rigorosa orde da data da solicitude efectuada, e ata o esgotamento das **3 prazas dispoñibles, ampliáveis**, sempre que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria de a Cámara de Comercio. Se a empresa non é seleccionada devolveráselle o importe pagado.

## 2. PLAN DE VIAXE PREVISTO

Para a asistencia á Feira tense previsto voar ata Milán ou Bolonia, dende onde hai que coller transporte para chegar a Parma o día 2 de maio, onde faranse 5 noites para volver así o día 7 de maio. Se algunha empresa quixera facer outro itinerario este axustarase de maneira individualizada coa Cámara.

## 3. CUSTO DE PARTICIPACION

**MOI IMPORTANTE:** A Cámara de Comercio de Santiago regularizará coa empresa o importe solicitado no caso de que a cota ingresada sexa superior aos gastos reais ou viceversa.

- Para a acción presencial, é unha **PREVISIÓN DE CUSTOS para participar (a empresa ten que ingresar estas cantidades ao facer a inscrición). Despois axustarase aos gastos reais da acción.**

### I) CUSTO ESTIMADO:

-10.225 € + IVE = 12.372,25 € (se viaxa una persoa). Subvención estimada: 9.202,50€

- 12.010 € + IVE = 14.532,1 € (se viaxan dúas persoas). Subvención estimada: 10.809 €

O IVE non é subvencionable xa que a empresa pódoo recuperar.

Esta previsión realizouse en base ao plan de **viaxe previsto** (B. aéreo, aloxamento 5 noites con almuerzo, traslados aeroporto-hotel-aeroporto, o aluguer dun espazo de 10m2 dentro do pabellón FIAB na feira e o envío das mercancías a expoñer. Se algunha empresa estivese interesada en facer outro itinerario, axustarase o custo de maneira individualizada. **O Stand de FIAB inclúe:**

- Mostrador con logo, unha mesa, 3 cadeiras, andeis e gráfica coa imaxe da empresa
- Mantemento do pavillón
- Decoración conforme á imaxe oficial de pavillóns españois: electricidade básica para a Caseta (iluminación e corrente para o computador).
- Inclusión no catálogo oficial da Feira
- Catálogo en liña promocional do pavillón. código BIDI
- Promoción vía emailing a base de datos de compradores FIAB.

## CONTÍA DA AXUDA

**A contía da axuda será dun 90% para PEMES sobre o importe dos gastos subvencionables.**

As achegas do Igape para o FOEXGA están co-financiadas ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular: Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes. Prioridade de investimento

03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados internacionais. Obxectivo específico  
03.04.03: Promover a internacionalización das pemes.

**MOI IMPORTANTE:** Todas estas condicións baséanse no anexo V das bases reguladoras do Plan Foexga e na normativa do propio Plan publicado no DOG.

#### 4. FORMALIZACION DE INSCRIPCIONS

**Data límite de inscrición: 18 de marzo de 2022**

**PRAZAS LIMITADAS** Criterio de selección: por orde de chegada da documentación ata o esgotamento das 3 prazas inicialmente previstas (hai posibilidade de ampliacións) ou do orzamento previsto para esta acción.

**Para formalizar a inscrición na acción, debe de facer o seguinte:**

- Antes de nada, teñan en conta que necesitan ter un CERTIFICADO DIXITAL para poder realizar todas as xestións telemáticamente ante o IGAPE.
- En primeiro lugar teñen que acceder á oficina virtual do IGAPE. Está no seguinte link <http://www.igape.es/gl/oficina-virtual> . Se non están rexistrados, terá que rexistrarse por primeira vez na pestana "REXISTRAR NOVO USUARIO". Unha vez que se registre por primeira vez, as claves valeránlle para acceder a esta OFICINA VIRTUAL do IGAPE tódalas veces que queira.
- O segundo paso é unha vez que estea dentro da OFICINA VIRTUAL, é comprobar que está a súa empresa dada de alta nos PROGRAMAS AVANZADOS DE INTERNACIONALIZACIÓN DO IGAPE. Se xa está dada de alta, pode continuar co proceso. Se non, deberá pinchar no apartado "PROGRAMAS IGAPE" e buscar o "Alta en programas avanzados de Internacionalización - IG192.2019.1 - Alta en programas de internacionalización" . Teñen que acceder a ese formulario e solicitalo. **ATENCIÓN:** Esta solicitude a teñen que facer unha soa vez e xa lle vale para calquera subvención de internacionalización que pida a IGAPE a partires de agora.
- En terceiro lugar, terán que ir ao mesmo apartado "PROGRAMAS IGAPE" e buscar:
  - **PARA PEMES:** "Acción FOEXGA 2021-2022 - IG249.2021.1 - Solicitude de participación na acción FOEXGA" e acceder a ese apartado e cubrir todo o que se pide.

**MOI IMPORTANTE:** Cando estean cubrindo esta solicitude, neste apartado nalgún intre lles pedirá que identifiquen en que acción están intentando inscribirse. O código desta acción para PEMES é: Expediente IG202.2021.1.67

- **PARA NON PEMES:** "Acción SINERXIA 2021-2022 - IG267.2021.1 - Solicitude de participación na acción SINERXIA" e acceder a ese apartado e cubrir todo o que se pide.

**MOI IMPORTANTE:** Cando estean cubrindo esta solicitude, neste apartado nalgún intre lles pedirá que identifiquen en que acción están intentando inscribirse. O código desta acción para non PEMES é: Expediente IG265.2021.1.18

Para formalizar a inscrición na acción, debe enviar á Cámara de Santiago de Compostela a seguinte documentación:

**Documentación para enviar á Cámara:**

- 1) **Solicitude de participación na acción**, que obterá despois de cubrir un formulario descriptivo a través da aplicación

establecida no enderezo de internet: <http://www.tramita.igape.es> - Programa IG249

**ATENCIÓN:** Se tivese problema para descargar a ficha de inscrición por favor contacten con: Oficina internacionalización Igape. – E-mail: [informa@igape.es](mailto:informa@igape.es)

**As empresas deben entrar no procedemento:** IG249

- 2) **Copia da acreditación da representación legal** (escritura de constitución da sociedade ou escritura de poder)
- 3) **Copia Certificados** de estar ao corrente coa **AEAT, TGSS e Facenda**
- 4) **Xustificante de pago orixinal** á c/c a nome da Cámara de Comercio de Santiago.

**DATOS DA CONTA BANCARIA ONDE REALIZAR O PAGO**

Nova Galicia Banco: ES37 2080 0300 80 3040113939

(Titular: Cámara de Comercio de Santiago de Compostela)

## 5. REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarios destas axudas as empresas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que cumpran a definición de PEME segundo o anexo I do Regulamento nº651/2014 da Comisión, incluídas as PEMES con obxecto social destinado á prestación de servizos técnicos, comerciais ou loxísticos.
- Que teñan algún centro de traballo radicado na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que estean dadas de alta en programas avanzados de Igape de apoio á internacionalización con informe positivo emitido a partir de 1 de xaneiro de 2013. A solicitude de alta en programas avanzados do Igape de apoio á internacionalización deberá facerse antes do prazo de fin de execución da actuación, a través do procedemento do Igape IG192.
- Que estean ao día das súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e non ser considerados empresas en crise. Para estes efectos de empresa en crise, convén ter en conta a definición de empresa en crise que para as PEMES aparece no apartado 18 do artigo 2 do Regulamento nº 651/2014 da Comisión. Tamén deberán cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei9/2017, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiario da axuda, e cumprir as obrigas do artigo 11 da citada Lei de subvencións.
- Que cumpran a normativa de axudas de minimis segundo o previsto no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013), para as empresas do sector pesqueiro no Regulamento (CE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da UE ás axudas de minimis no sector da pesca e da acuicultura (DOUE L 190, do 28.06.2014) e para as empresas do sector agrícola no Regulamento 1408/2013, do 18 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas de minimis no sector agrícola (DOUE L 352 do 24 de decembro de 2013).
- Que estean ao día dos pagamentos endebedados ás Cámaras.

Mediante a presentación da solicitude de participación na acción, os beneficiarios aceptan a tramitación a través da Entidade Colaboradora, que será do mesmo modo a encargada de informar puntualmente ao interesado sobre o estado da súa petición, os seus dereitos e obrigas, e das notificacións recibidas de acordo co establecido no artigo 16.2. O Igape porá á disposición deste programa unha aplicación na páxina web <http://www.tramita.igape.es> para os efectos de cubrir o cuestionario de participación de maneira electrónica.

## 6. OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Son obrigas dos beneficiarios, sen prexuízo do disposto no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- a) Atoparse ao día no pagamento das obrigas coa Facenda pública do Estado, da Administración autonómica, así como coa Seguridade Social.
- b) Someterse ás actuacións de inspección e control que o Igape poida efectuar respecto á xestión destas axudas e que permitan a xustificación financeira ante a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo e ás verificacións do artigo 125 do Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Consello.
- c) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do proxecto polo Igape, a Xunta de Galicia e o Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional segundo o establecido no Anexo VII a estas bases e comunicar ás empresas esta obriga. **(VER ANEXO PUBLICIDADE)**
- d) Subministrar, por requirimento do Igape, durante un período de tres anos e a partir do 31 de decembro de 2017, os informes de resultados concretos obtidos grazas ao proxecto financiado, para os efectos de realizar as avaliacións oportunas sobre o resultado das actuacións financiadas.
- e) Subministrar toda a información necesaria para que o Igape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da devandita Lei.
- f) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable axeitado en relación a todas as transaccións relacionadas con gastos subvencionados, sen prexuízo das normas xerais de contabilidade, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os gastos financiados con fondos Feder e comunicar ás empresas esta obriga.
- g) Proporcionarlle á entidade colaboradora todos os documentos necesarios para poder tramitar as axudas establecidas nestas bases, así como acreditar os requisitos ou condicións que determinen a concesión da axuda, no prazo sinalado na resolución de convocatoria.
- h) Realizar o pagamento das facturas emitidas pola entidade colaboradora antes da data na que deban ser presentadas ante o Igape. O pagamento corresponderá ao importe total da factura emitida pola entidade colaboradora. Este pagamento debe estar debidamente documentado mediante xustificante bancario, tal e como establece o artigo 20 destas bases. A axuda aboarase a través da cámara unha vez finalizada a acción e cumpridas todas as obrigas.
- i) Participar nas actuacións que fundamenten a concesión da subvención, así como colaborar e achegar a documentación á entidade colaboradora.
- j) Comunicarlle á entidade colaboradora a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- k) Responder a un cuestionario, a través da aplicación <http://tramita.igape.es>, relativo á actuación realizada, co obxecto de coñecer os resultados do Plan e trasladalos á Unión Europea. O Igape non aboará a subvención ata que se responda ao devandito cuestionario.
- l) Conservar os documentos xustificativos da aplicación de fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, durante un prazo de tres anos a partir do 31 de decembro seguinte á presentación das contas en que estean incluídos os gastos definitivos da operación concluída. Informarase ao beneficiario da data de comezo dese prazo.
- m) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## 7. GASTOS SUBVENCIONABLES

**Gasto subvencionable:** o importe facturado polas entidades colaboradoras para a organización e execución dos eventos subvencionables, polos seguintes conceptos e cos límites seguintes de gasto máximo subvencionable:

CONCEPTO SUBVENCIONABLE	LÍMITE DE GASTO SUBVENCIONABLE PARA CADA PEME E ACCIÓN NA QUE PARTICIPE
· Cotas de inscrición nos eventos promocionais non expositivos dos citados no artigo 3.1.b)	Cota ou fee de inscrición cun límite de 2.000€ por evento.

<ul style="list-style-type: none"> <li>· Asistencia externa en destino para a realización de axendas e para organización da acción. (Só no caso de que o Igape non poida facilitar estes servizos por medios propios).</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Gastos de intérpretes para accións individuais e conxuntas, incluída a interpretación virtual.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Aluguer do espazo, cotas de participación para as participacións en modalidade virtual, stand e/ou salas para a realización da acción, gastos de decoración básica, aluguer de mobiliario, gastos de mantemento, inserción no catálogo de expositores e outros gastos de servizos inherentes ao evento expositivo.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Gastos de envío de mostras sen valor comercial e catálogos co seu seguro correspondente tanto para accións presenciais como virtuais.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Gastos de organización da acción, información e asesoramento á peme (dossier de mercado, asesorías telefónicas, reunións previas, seguimento da axenda de entrevistas, elaboración de listados, informes, e todas aquelas precisas para a eficiente organización da acción).</li> </ul>	<p>Máximo de 800 € sempre que se trate dunha participación en feira ou misión comercial con elaboración de axenda. No caso de misión comercial sen elaboración de axenda o importe máximo será de 400 €.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Viaxe dunha persoa da peme participante. (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b)</li> </ul>	<p>Límites Anexo V. Datas da viaxe subvencionable: entre a data da convocatoria e a data límite de presentación da solicitude de cobramento. Só se subvencionaran os gastos correspondentes a avión, tren e/ou autobús.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Aloxamento dunha persoa da peme participante en réxime de aloxamento ou aloxamento e almorzo. (2 persoas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b)</li> </ul>	<p>Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V.</p> <p>No caso de accións en mais dun país, engadiranse un máximo de 3 pernoctas mais subvencionadas por país, cun máximo total de 12 pernoctas.</p>

<ul style="list-style-type: none"> <li>· Traslados grupais ou individuais.</li> </ul>	<p>Só se subvencionarán os traslados dende ou ata lugares onde se celebren eventos agrupados incluídos no programa da misión ou feira e sexan contratados e facturados á cámara como organizador, exemplo traslados aeroporto, traslados a recinto feiral. Quedan excluídos os traslados ás reunións das axendas individuais de cada participante.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Custo das entradas a Feiras, congresos ou eventos de recomendado interese e incluídos no programa das actuacións.</li> </ul>	<p>Límite de 2.000 €</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Taxa de visado e seguro de viaxe, incluídas as coberturas de cancelación, e custo de realización de probas PCR ou similares sempre que se consideren obrigatorias para a realización da viaxe, dunha persoa da peme participante. No caso das actuacións das citadas no artigo 3.1.b) dúas persoas por peme participante.</li> </ul>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Parte proporcional do servizo de acompañamento á acción para apoio técnico en destino.</li> </ul>	<p>Límites: 400 euros/día por acción con independencia do número de pemes participantes.</p> <p>A prestación deste servizo por parte da Cámara será obrigatoria en calquera actuación agrupada cunha participación igual ou superior a 4 empresas. A cámara poderá solicitar a excepción desta obriga que se poderá acordar cando polas características da actuación desprenda que non aporta valor engadido a actuación.</p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>· Parte proporcional dos gastos de viaxe e aloxamento das persoas da entidade colaboradora designadas para prestar o servizo de acompañamento, incluídos os seguros de viaxe, as probas PCR ou similares, e os visados correspondentes</li> </ul>	<p>Só se subvencionarán pernoctas comprendidas entre as datas das actuacións cun máximo de 5 pernoctas (7 pernoctas no caso de actuacións das citadas no artigo 3.1.b) e tendo en conta os límites indicados no anexo V.</p> <p>Só se subvencionarán os traslados dende ou ata lugares onde se celebren eventos agrupados incluídos no programa da misión ou feira e sexan contratados e facturados á cámara como organizador, exemplo traslados aeroporto, traslados a recinto feiral. Quedan excluídos os traslados ás</p>



	reunións das axendas individuais de cada participante.
Límites máximo de gasto subvencionable por todos os conceptos.	Por cada peme beneficiaria e por cada misión na que participe: 6.000 € Por cada peme beneficiaria e por cada evento expositivo no que participe: 25.000€

## 8. CONTÍA DA AXUDA

**A contía da axuda será dun 90% sobre o importe dos gastos subvencionables.**

As achegas do Igape están co-financiadas ao 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 e, en particular: Obxectivo temático 03: Mellorar a competitividade das pemes. Prioridade de investimento 03.04: Apoio á capacidade das pemes para crecer nos mercados internacionais. Obxectivo específico 03.04.03: Promover a internacionalización das pemes.

## 9. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN

Para a tramitación da subvención a empresa participante deberá enviar á Cámara de Comercio toda a información que esta necesite para poder xustificar a correcta realización da acción conforme aos parámetros desta convocatoria, no momento no que a Cámara o solicite. O prazo para solicitar o cobramento será o de 30 días hábiles dende a finalización da acción.

O Igape aboará as subvencións á entidade colaboradora para que esta ingrese ás pemes os importes íntegros -sen compensación doutros gastos non elixibles- correspondentes ás subvencións recibidas do Igape, nun prazo máximo de 10 días tras recibir a transferencia de Igape. **Unha vez feitas as transferencias das subvencións ás pemes, as entidades colaboradoras deberán remitir ao Igape copia simple das transferencias efectuadas.**

Será de aplicación a regulación sobre o réxime de xustificación, pagamento, reintegro e réxime sancionador de subvencións contida na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro polo que se aproba o seu regulamento.

## 10. PENALIZACIÓN POR BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA

En caso de **BAIXA VOLUNTARIA DA EMPRESA**, establécense as seguintes penalizacións:

- A- Se a baixa se produce con **40 días ou máis de antelación** á realización da acción, a penalización consistirá no aboamento dos gastos incorridos, ata o momento, por parte da empresa.
- B- De producirse con **39 a 30 días de antelación** á realización da acción, a empresa pagará o 50% da aportación establecida para participar na acción.
- C- De producirse **entre o comezo da misión e os 29 días anteriores** á realización da acción, aboarase o 100 % da aportación.

**Se os gastos reais ocasionados superan ditas porcentaxes, repercutiráselle a maiores.**



## 11. INFORMACION E INSCRICIÓNS

Dpto. de Comercio Exterior, Cámara de Comercio de Santiago de Compostela  
Republica Checa, 40, 15707 Santiago de Compostela, A Coruña  
Tel. 981 59.68.00 – [fpsoba@camaracompostela.com](mailto:fpsoba@camaracompostela.com)

---

**MOI IMPORTANTE:** Todas estas condicións están conforme as bases reguladoras do Plan Foexga publicadas no DOG: [https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210326/AnuncioO92-150321-0002\\_es.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210326/AnuncioO92-150321-0002_es.html)